

Declaración institucional do Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres 2022

A Asemblea Xeral das Nacións Unidas, ante a violencia que se exercía contra as mulleres polo só feito de sêrmolo, decidiu, en 1999, declarar o 25 de novembro como Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Por iso, neste día, queremos ratificar, o noso compromiso de seguir traballando conxuntamente, visibilizando, concienciando e rexeitando a violencia machista, ata a súa erradicación.

A violencia contra as mulleres supón a manifestación máis extrema da desigualdade que existe entre homes e mulleres, como o maior obstáculo para o desenvolvemento dunha sociedade xusta e igualitaria.

Todos os grupos aquí presentes, compartimos a dor e o sufrimento de tantas e tantas mulleres que sofren violencia, así como dos seus fillos e fillas e da súa familia. A tristura e indignación que sentimos esténdese a toda a sociedade, porque a violencia machista é hoxe a gran ferida da sociedade do século XXI, que só se pode curar con máis igualdade.

No que levamos de ano, 38 mulleres foron asasinadas no Estado español a mans das súas parellas ou ex-parellas. Desde o 1 de xaneiro de 2003, cando comezou a contabilidade oficial, o número de mulleres vítimas de crimes machistas é de 1.171.

A estes datos hai que sumar 19 feminicidios fóra do ámbito da parella e/ou exparella, correspondentes ao primeiro semestre de 2022. Con esta contabilización dase cumprimento ao Convenio de Istambul sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres, e aténdese unha demanda histórica do movemento feminista: que nos rexistros oficiais do Estado se conten tamén casos como o de Jéssica Méndez, a moza de 29 anos do municipio pontevedrés de Barro, asasinada por un veciño, que agora é oficialmente recoñecida como vítima da violencia machista.

En resumo, no que levamos de 2022 as cifras son moi alarmantes: 57 mulleres foron asasinadas polas violencias machistas, 23 fillos e fillas quedaron orfos e un menor foi asasinado por violencia vicaria, segundo o conxunto dos datos oficiais coñecidos ata o momento.

Non son meras estatísticas, porque detrás de cada unha desas mortes hai unha familia desfeita. Detrás de cada unha desas mortes hai unha vida. Porque as mulleres non somos números. Temos nomes, apelidos, vida, familia e non podemos afacernos nin resignarnos a convivir con esta violencia que desafía os alicerces dun país democrático.

Os crimes machistas son perdas inasumibles nunha sociedade avanzada e moderna. Estamos ante unha cuestión de Estado, de saúde pública e un grave atentado aos Dereitos Humanos. Temos diante unha realidade innegable que nos interpela a todos e todas a unha acción firme en prol da erradicación da violencia contra as mulleres e das actitudes sociais que a toleran, a xustifican, ou mesmo a banalizan. Debemos intensificar esforzos para combater o machismo e condenar todas as actitudes, prácticas e condutas que consenten e reproducen as violencias machistas.

Por iso, todos os grupos políticos aquí presentes unimos hoxe as nosas voces, como xa fixemos noutras ocasións, para manifestar a nosa repulsa cara a todas as formas de violencia recollidas no Convenio de Istambul e sumámonos a todas as voces que claman por un futuro en igualdade e libre de violencias.

Así,

Adherímonos a esta Declaración, e apoiamos todas as voces que traballan por

un futuro libre de violencias.

Ratificamos o noso compromiso co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e lembramos a necesidade de continuar avanzando no seu desenvolvemento. Reivindicamos o papel, tan importante, que xogan as entidades locais.

Comprometémonos a seguir traballando na ruptura do silencio, sensibilizando e concienciando á cidadanía do problema estrutural que para a nosa sociedade supón a violencia machista.

Seguiremos con esa coordinación continua entre os diversos axentes sociais implicados na violencia contra as mulleres. Debemos mellorar a resposta institucional a todos os niveis, evitando o risco de vitimización secundaria e mellorando a confianza das vítimas.

Demandaremos a utilización de todos os recursos que sexan necesarios na asistencia, axuda e protección das vítimas e dos seus fillos e fillas.

Seguiremos impulsando o debate social para que se considere a violencia de xénero un asunto público. As entidades locais somos a maioría das veces o primeiro recurso e, en ocasións, o único do que dispoñen as mulleres en procura de reparo e denuncia da violencia que sofren.

Seguiremos apostando pola formación de todo o persoal da Deputación da Coruña no marco da Diagnose e plan de acción das políticas de igualdade de xénero.

Manifestamos o noso compromiso co mantemento do programa de subvencións, posto en marcha pola Deputación da Coruña, a concellos e outras entidades locais para o financiamento de persoal técnico axentes de igualdade e ao programa de financiamento destinado a entidades que traballan pola igualdade e na loita contra a violencia machista, para desenvolver programas de formación, conciliación, intervención e sensibilización.